



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2016

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas do día trinta e un de outubro de dous mil dezaseis, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; e D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dña. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

1º.- ACTA ANTERIOR.- Dase conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 19 de outubro de 2016 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Expdt. 122/16.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. PURA BARREIRO CARBALLA**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cruz, nº 32, na parroquia de Lois, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras para "**Retellar borde de cuberta en vivenda unifamiliar**", sita no lugar do seu domicilio e que se corresponde coa Ref. Catastral 2390710NH2029S0001KQ.

Visto o informe emitido polo Sr. Diéguez Pazos, Arquitecto Asesor deste Concello, no que consta o seguinte: "**1.Obras solicitadas**

Retellar borde de cuberta en vivenda unifamiliar nunha superficie aproximada de 50 m2.

Achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 2.100.00 euros e autorización do Servizo de vías e obras da Deputación (EXP. 2016003524)

2. Situación urbanística



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

*A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.1 da Lei do Solo de Galicia.*

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,..., aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes".

Non achega licenza de construción dá edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1.967, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a leira, expediente de infracción urbanística.

A edificación atópase no interior da propiedade polo que as obras non invaden a zona de dominio público que establece o vial EP-9508, no obstante conta con autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra coa condición de que no se modifique a estrutura de cuberta ni se aumente o volumen da edificación.

3. Características das obras

As obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa cualificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, sen aumento de volumen e mantendo a estrutura actual da edificación.

O expediente cumpre con o Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Que polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. PURA BARREIRO CARBALLA**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cruz, nº 32, na parroquia de Lois, sita no



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para **"Retellar borde de cuberta en vivenda unifamiliar"**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 123/16.- Visto o expediente que se tramita a instancia de D. ENRIQUE BERREIRO BLANCO, con domicilio a efectos de notificación na Plaza da Estrella, nº 4, sita no Concello de Pontevedra, en representación de **CONCEPCIÓN BOULLOSA GASTAÑADUY, S.L.N.E**, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Reforma interior e adición de muelle de descarga"**, na bodega sita no lugar de Souto, nº 5, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia e que se corresponde coas Refs. Catastrais 36046A004005300000YH e 36046A004005300001UJ.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *"Que a parte da parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]"*

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

E segundo o artigo 34. Solo rústico de especial protección.

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

[.../....]

Se aporta a seguinte documentación:

- *Proxecto de Reforma interior e adición de muelle de carga dunha bodega existente, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08/07/16 e asinado polos arquitectos Dña. Carolina Mateos Escudero e D. Enrique Barreiro*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Blanco, que pertenecen a sociedade "Enrique Barreiro Arquitectos, S.C.P." con número de Colexiado 20235, no que se inclue:

- *Memoria descriptiva con normativa urbanística*
- *Memoria construtiva*
- *Cumplimiento del CTE*
 - *DB-SE Seguridad estructural*
 - *DB-SI Exigencias básicas de seguridad en caso de incendio*
 - *DB-SE Exigencias básicas de seguridad de utilización*
 - *DB-HS Exigencias básicas de salubridad*
 - *DB-HR Exigencias básicas de seguridad contra el ruido*
 - *DB-HE Exigencias básicas de ahorro de energía*
- *Cumplimiento de otros reglamentos y disposiciones*
 - *Normativa de obligado cumplimiento*
 - *Ley 8/97 y D. 35.2000 de accesibilidad y supresión de barreras arquitectónicas en Galicia.*
 - *Real Decreto 842/2.002 de 2 de agosto Reglamento eléctrico de baja tensión.*
 - *Cumplimiento del RITE IT 1.1/2*
 - *RD 1367/2007 del ruido.*
- *Anexos*
 - *Instalación Eléctrica en Baja Tensión*
 - *Instalación de ventilación.*
- *Pliego de Condiciones*
- *Estudio de xestión de residuos*
- *Plan de Control de Calidade*
- *Estudio Básico de Seguridade e Saude*
- *Presupuesto (PEM 98.713,80 €)*
- *Planos*
- *Impreso de estatística da edificación e vivenda, asinado e visado polos arquitecto autores do proxecto.*
- *Acreditación da propiedade (nota simple do rexistro).*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- *Copia del CIF da sociedade.*
- *Oficio co nomeamento do director de obra os arquitectos autores do proxecto.*
- *Oficio co nomeamento do director de execución e do coordinador de seguridade e saúde a oarquitecto técnico D. Juan Manuel Pérez Malvar.*
- *Informe favorable emitido polo Servizos de Infraestrutura Agraria, da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, respecto das obras solicitadas (Expete. 1853/2016).*
- *Xustificante de abono das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do PEM.*

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Na actualidade existe unha edificacación de planta baixa e semisótano donde se leva a cabo as actividades de transformación, envasado e comercialización do viño, a planta semisótano ten unha superficie construída de 167,40 m², sendo nesta zona donde se leva a cabo a actividade propia da bodega de transformación e envasado. A planta baixa conta cunha superficie construída de 368 m², sendo nesta zona donde se levan a cabo as labores sociais de comercialización do viño, así como a carga e descarga da materia prima e o produto envasado.

USO PROXECTADO

O uso proxectado non varia do uso agrícola existente como bodega.

OBRAS PROXECTADAS

Se pretende, acceder a través dunha rampa sen actuar sobre os espazos propios da elaboración existente que se encuadran na planta semisótano, a reforma interior dos espazos da planta baixa e a construción dunha edificacación a modo de porche anexa a planta baixa que sirva de apoio nas actividades.

a construción dun galpón para usos agrícolas, con estrutura de pórticos de formigón armado, peche de muros de bloques revestidos e pintados de branco e cuberta de tella cerámica sobre planchas de fibrocementos e ancladas a correas prefabricadas de formigón armado

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

A ampliación da bodega mantén o uso agrícola, para a elaboración dos produtos procedentes da plantación de viñedo "alabariño" da propia finca, nunha zona xa consolidada deste cultivo e que dispoñe de autorización autonómica e licenza municipal do ano 2.002.

Segundo establece o artigo 35.a) Usos e actividades e solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

agrícola, viveiros e invernadoiros.

[.../....]

Neste artigo se inclúen as obras de bodega.

Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

O solicitante dispon de autorización da Consellería de Medio Rural para cultivo das viñas e a elaboración de viño.

Subsección 4ª. Condicións de edificación

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

A parcela dispón de acceso rodado, abastecemento, recollida das augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, recollida e tratamento de residuos, aparcadoiro suficiente, e a edificación proxectada non conleva repercusión significativa na capacidade e funcionalidade dos mesmos.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

O deseño, materiais e cores proxectados son característicos do entorno

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

A ampliación proxectada, xustifica o cumprimento do que establece a lei e a ordenanza, respecto do volumen edificado, e xustifica ser similar o das edificacións tradicionais do entorno.

A edificabilidade e do 0,05 m²/m², inferior o 0,2 m²/m²

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

Non se proxecta o peches na finca.

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

A altura máxima proxectada e de 4,36 m.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

A ubicación da bodega se dispón arredor da edificación existente e cumpre cos retranqueos establecidos, estando o aproveitamento da finca moi por debaixo do máximo permitido.

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

A superficie da parcela e de 10.073 m².

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

A ocupación e do 5,40 %.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

Se garante o impacto visual e non se altera a topografía da finca.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

O retranque mínimo e de 5 m

– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Non se proxectan bancales

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

O resto da finca se mantén no seu estado natural.

e) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

[.../...]

O proxecto xustifica o cumprimento do CTE, SE-AE, SE-C, EHE, SI, SU, HS, e a protección fronte o ruído.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

A zona na que se ubica a adega, se atopa fora da zona de protección do elemento catalogado AC-7 "PAZO DA PEDREIRA" como elemento a protexer, polo que non require autorización do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A zona na que se ubica a adega, se atopa fora da zona de afección da estrada provincial EP-9509 polo que non precisa autorización do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.*

*Aporta autorización de fecha de 11/10/2.016 para ampliación emitida polo Servizo de Infraestruturas Agrarias de Medio Rural que e o órgano que ten a competencia sectorial correspondente tanto para cultivo como para as bodegas (**Ref. 1853/2016**) .*

Se condiciona a presente licenza a que aporte a seguinte documentación:

*Segundo establece o apartado c) do Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, **se condiciona a licenza** a que unha vez rematadas as obras deberá aportar xunto co Certificado final de obra que emita o arquitecto director das obras, e a solicitude de licenza de primeira ocupación e de funcionamento, documento acreditando que se deixou contancia no rexistro de propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas por está licenza (título habilitante de natureza urbanística).*

CADUCIDADE DA LICENZA

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. CONCEPCIÓN BOULLOSA GASTAÑADUY**, para levar a cabo as obras de "**Reforma interior e adición de muelle de descarga**", na bodega sita no lugar de Souto, nº 5, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Técnico Municipal.

3º.- XUSTIFICACIÓN AXUDA SERVIZIOS SOCIAIS SOBRE EMERXENCIA SOCIAL (EXpte 2/2016).-

Vista a axuda concedida pola Xunta de Goberno do 01 de agosto de 2016 dentro do programa de emerxencia social, dase conta da xustificación do gasto de 1.597,53.-€ para mellora do illamento da vivenda de María del Carmen Torres Pérez (nº expte 2/2016).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade do Sres. Asistentes, acorda aprobar o pago da factura do proveedor Abinser Galicia, S.L. por importe de 1.597,53.-€ para mellorar o illamento da vivenda do titular do expediente nº 2/2016 de emerxencia social.

4º.- APROBACIÓN DE PROXECTO E PREGO DE CLAUSULAS PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "DOTACIÓN DE SERVICIOS EN EDIFICIO ANEXO Ó PAVILLÓN DE RIBADUMIA, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS PROVINCIAL DE 2015.-

Dase conta que, segundo o acordo adoptado polo Pleno Municipal en sesión de 3 de agosto de 2016, polo que se anulaba o procedemento de contratación iniciado para a obra de "Dotación de servicios en edificio anexo ó Pavillón de Ribadumia", incluída no Plan de Obras e Servicos Provincial de 2015, por incumprir o proxecto o artigo 123.1 da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á reelaborar e completar o proxecto a fin de que cumpra os requisitos legais e sirva adecuadamente para o cumprimento do seu obxectivo, a construción dos aseos e do edificio anexo ó pavillón.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Así mesmo dase conta do Prego de Cláusulas Administrativas para a contratación da obra polo procedemento negociado sen publicidade, por razón da súa contía e tendo en conta o prazo para a execución e xustificación da devandita obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á **“Documentación complementaria ó Proxecto de Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia”**, que ascende a un importe total de 173.270,35 euros, máis 36.386,77 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de **209.657,12 euros**, incluída no Plan de Obras e Servicios Provincial de 2015.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da obra denominada “Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia”, por procedemento negociado sen publicidade, por un importe total de 209.657,12 euros (IVE engadido).

3º.- Que, tendo en conta os antecedentes da obra, se acorda invitar ó procedemento negociado sen publicidade a tódalas empresas que presentaron proposta no expediente aberto anulado mediante acordo do Pleno Municipal adoptado con data 3 de agosto de 2016.

5º.- ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020.-

Dase conta do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, asinado con data 3 de maio de 2016

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre o IGVS e a Fegamp coa finalidade de difundir e promover a incorporación dis concellos de



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Galicia ao Programa de Vivendas Baleiras establecido no Programa 4 Alugueiro de Vivenda do Eixo 1 Acceso á vivenda do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, co que se persegue poñer a disposición do mesmo as vivendas desocupadas, para poder destinalas a aquelas unidades familiares ou de convivencia con maior dificultade de acceso á vivenda e, de xeito prioritario, ás afectadas por procedementos de execucións hipotecarias ou por desafiuzamentos por impago da renda de alugueiro da súa vivenda habitual. Así mesmo, a través do presente convenio establécense as bases de funcionamento do citado programa, as cales serán de obrigado cumprimento para aqueles concellos que se queiran adherir ao presente convenio.

As persoas titulares das vivendas e as inquilinas que celebren contratos de arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras poderán, así mesmo, acollerse ás medidas de apoio e ás axudas públicas para o fomento do aluguer establecidas polo IGVS e que estivesen vixentes durante a duración do convenio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda a adhesión do Concello de Ribadumia ó convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020

6º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>Línea Dos Soluciones Metálicas Sl.- Barandilla Rúa Albán</i>	<i>1.839,20</i>
<i>Área Comercial Pintos S.L.- Material escola infantil Sisán</i>	<i>669,99</i>
<i>Re-corta demolición técnica.- Obra acceso local Club piragüismo</i>	<i>1.028,50</i>
<i>Gas Natural SUR</i>	<i>1.217,33</i>
<i>Querubines.- Servizos gardería mes outubro 2016</i>	<i>11.561,87</i>
<i>ANPA CPI.- Catering mes de setembro</i>	<i>1.592,00</i>

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-